



Resolución do expediente con código PO-00011255P(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal CAMPO DA GONZA, Concello Veiga (A), Provincia Ourense .

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data 22/10/2019 tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación o expediente exposto con anterioridade.

Segundo. A solicitude non inclúe novos modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos.

Terceiro. A documentación presentada está incompleta.

Cuarto. Con data 21/01/2020 requiríuse o solicitante para que emendase a falta ou acompañase os documentos preceptivos que faltaban no prazo de dez días (10).

Quinto. Con data 05/02/2020 emendouse as deficiencias atopadas.

Sexto. Seguindo o establecido no artigo 15 do Decreto 52/2014, procedeuse a requerir os seguintes informes:

- Informe do Distrito Forestal XIII - VALDEORRAS / TRIVES. Recibido con data 09/06/2020 en sentido desfavorable e posto de manifesto ao solicitante con data 10/06/2020. Solucionado no trámite de audiencia.
- Informe do Servizo de Patrimonio Natural. Recibido con data 24/02/2020 en sentido favorable
- Informe do Servizo de Patrimonio Cultural. Recibido con data 17/04/2020 en sentido desfavorable e posto de manifesto ao solicitante con data 28/04/2020. Solucionado no trámite de audiencia.

Sétimo. Con data 10/06/2020 procedeuse a darlle o trámite de audiencia segundo o artigo 82 da Lei 39/2015. O solicitante presentou as alegacións oportunas fronte as consideracións expresadas nos informes e aportou unha nova versión do instrumento subsanando as deficiencias atopadas.

Oitavo. Con data 17/08/2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu o procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificado en sentido favorable; concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente, e polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria. A resolución foi publicada no DOG nº 170 do 3/09/2021.

Novena. Con data 23/09/2021 o servizo de montes propón a aprobación do expediente indicando: O instrumento cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e eleva o expediente á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que resolva a súa aprobación.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia a competencia para resolver correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Segundo. O expediente foi instruído conforme ao disposto ao Decreto 52/2014, de 16 de abril polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión de montes, e segundo o Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e seguindo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Polo anteriormente exposto, RESOLVO:

APROBAR a primeira presentación do expediente con código PO-00011255P(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal CAMPO DA GONZA, Concello Veiga (A), Provincia Ourense e autorizar a súa inscrición no Rexistro de Montes Ordenados, segundo o artigo 81.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, cunha vixencia ata o 1 de xaneiro do ano 2029 inclusive, co número de rexistro 3200213.

Esta resolución circunscribe ás competencias dos organismos sectoriais da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias que outros organismos, nomeadamente os estatais, poidan ter sobre a materia.

AUTORIZAR a inscrición no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo de regulación de pastoreo de 545,813100 Ha do monte.





Considérase incorporada a esta resolución, de conformidade co artigo 42 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.; o informe de impacto ambiental formulado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático con data 17 de agosto de 2021 do proxecto de ordenación forestal do monte veciñal en man común de Campo da Gonza, nas parroquias de Castromao, Corzos e Pradolongo, no concello da Veiga, publicada no DOG nº 170, do Venres, 3 de setembro de 2021.

Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA no prazo DUN MES dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural, ao abeiro dos art 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

Mediante este documento notifícaselle a DANIEL RODRÍGUEZ PÉREZ, NIF 44470497C, representante de CMVMC CARRACEDO, CASTROMAO, CORZOS E PRADOLONGO, NIF V32280901 esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,
O Director Xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

